

-Concejalía de Educación, Cultura e Deportes; dedicación parcial de 19 horas trinta minutos semanais, coa seguinte distribución de tempo traballado: luns, mércores e venres de 12 a 13 horas e de 16 a 19,30 horas; martes e xoves de 12 a trece horas e sábados de 10 a 14 horas. Retribución bruta anual de 16.660 euros anuais, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas), pagadeiras en catorce mensualidades (12 ordinarias e dúas extraordinarias).

-Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta, con efectos do mes de xullo de 2011, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

-Este dous Concelleiros non percibirán asistencia pola concurrencia efectiva ás Sesións dos órganos colexiados dos que forman parte.

Pobra de San Xiao (Láncara), a 10 de xaneiro de 2011.- O ALCALDE, Eladio Capón López

R. 0148

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 4 de xaneiro de 2012 aprobouse a **APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VARIOS ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA RÚA SAN MARCOS DO CONCELLO DE LUGO, MEDIANTE A INSTALACIÓN DE TERRAZAS E CADEIRAS.**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: O obxecto da contratación é outorgamento de autorización ou licenza para a ocupación temporal do dominio público municipal (rúa San Marcos) mediante a instalación de mesas e cadeiras

b) Prazo da ocupación: Catro anos.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto.

4.- Tipo de licitación:

A terrazza número 1 : prezo inicial de licitación de 4.632 euros anuais

A terrazza número 2 : un prezo inicial de licitación de 4.516,20 euros anuais

A terrazza número 3 : prezo inicial de licitación de 3.763,50 euros anuais

5.- Garantías:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: Non se esixe.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos/perfil do contratante/outros)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nas bases que rexen o procedemento.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nas bases.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases reguladoras do procedemento.

Lugo, 12 de xaneiro de 2012.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Méndez García

R. 0149

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello de Mondoñedo, en sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2012, adoptou acordo sobre asunto "2º.- Aprobación de bases específicas do concurso para a provisión do posto de Secretaría – Intervención do Concello de Mondoñedo"

En cumprimento do disposto no artigo 27º.2 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, procédese someter o acordo plenario de referencia xunto coas Bases Específicas a exposición pública por termo de quince (15) días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O acordo do Pleno do Concello e as Bases Específicas obxecto desta exposición pública pódense consultar nas oficinas municipais en horario de oficina.

En Mondoñedo a 16 de xaneiro de 2012.- O Alcalde, M. Orlando González Cruz.

R.0184

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de Novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido practicar. O órgano instructor do procedemento é a Unidade de Sancións do Concello e o órgano competente para a súa resolución é o Ilmo. Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 69.2 do real Decreto 339/1900, de 2 de Marzo.

Nº Expediente	NIF Infractor	Nome e Apelidos	Data/Hora Infracc.	Art/Lei/Apd	Importe
600/2011	76579891B	SANDEZ SAAVEDRA ADRIAN	14/10/11/13:26	171/CIR 0	80,00
643/2011	45590143A	GARCIA RIVERO MAGIN	21/11/11/10:40	91/CIR 0	200,00
646/2011	34262543H	MARTINEZ RODRIGUEZ ABEL GERMAN	18/11/11/00:15	91/CIR 0	200,00
660/2011	34216440F	HERNANDEZ RODRIGUEZ MARIA TERESA	16/11/11/12:05	154/CIR 0	80,00
676/2011	45590143A	GARCIA RIVERO MAGIN	07/11/11/12:39	91/CIR 0	200,00
678/2011	34261578L	RIVADA RODRIGUEZ JOSE LUIS	04/11/11/11:30	154/CIR 0	80,00

O titular do vehículo ten a obriga de facilitar á Administración a identificación do conductor do vehículo no momento de ser cometida a infracción (Art. 9 bis LSV). O incumprimento polo titular ou arrendatario do vehículo có que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente ó conductor responsable, considerarase como infracción moi grave a tenor do artigo 65.5j) da Lei de Seguridade Viaria sancionable dacordo có previsto no artigo 67.2a) do citado texto. O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ó conductor que se identifique por causa imputable a dito titular. Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o conductor responsable da infracción.